



# Por un modelo socioeconómico xusto e sustentable

**N**A actualidade, no momento histórico de maior capacidade tecnolóxica, produtiva e de avances científicos, da mais alta posibilidade para producir alimentos e da mais elevada creación de riqueza; xustamente agora é cando a humanidade está mais ameazada no seu desenvolvemento e continuidade. O modelo económico é destrutivo co medio ambiente e os recursos naturais, mais da metade da poboación do planeta está en situación de pobreza extrema e mais de 3 millóns de persoas morren ao ano por falla de alimentos. A riqueza que crea a clase obreira co seu traballo está concentrándose en menos mans, mentres os salarios perden valor e se precarizan as condicións de traballo.

Esta é a realidade que a clase traballadora podemos ver e experimentar dende o lado mais privilexiado do sistema, dende os Países que acumularon maior riqueza nos últimos séculos e inda hoxe, entre outras razóns, pola espoliación e sometemento colonial de Nacións e Continentes enteiros. Agora, a poboación indíxena destes Países antes colonizados e a clase traballadora dos mesmos, está sendo utilizada como man de obra barata, retribuída a menos dun dólar por hora polas Grandes Compañías Transnacionais Europeas, Norteamericanas ou Asiáticas. Son as Grandes Empresas que aquí, nos ameazan con trasladarse a lugares con salarios mais baratos, mentres reciben constantemente por parte dos Estados millonarias subvencións e os seus beneficios acadan proporcións indecentes e contrarios a un reparto social, solidario e xusto da riqueza. .

No informe do ano 2007 a OCDE recoñece que nos oito últimos anos, as empresas no Estado Español aumentaron os seus beneficios netos nun 73%; mais do dobre que a media da UE que se incrementou nun 36.6%. En contra, os salarios aumentaron neste mesmo período o 3,7%, cinco veces menos que na UE, que rexistrou un incremento do 18,2%. Estes resultados obedecen á política de Pactos que nestes anos están asinando CCOO e UGT coa Patronal en Madrid para a

negociación dos Convenios, na que de xeito recorrente acordan a contención no incremento dos salarios. Por tanto o noso traballo crea unha inmensa riqueza que está sendo expropiada para engordar as grandes fortunas, e todo isto coa colaboración voluntaria e agradecida do sindicalismo español.

Mentres as Empresas soben os prezos dos produtos e mercadorías para aumentar as súas ganancias, provocan unha inflación que pagamos a clase traballadora, e multiplican a nosa perda nas rendas do traballo pola contabilidade dun IPC que perxudica aos salarios mais baixos, que en Galiza son a inmensa maioría. Polo resultado destes salarios as nosas Pensións son as mais baixas do Estado.

Neste 1º de Maio, día do Internacionalismo Proletario a clase traballadora en Galiza debemos mobilizarnos por un novo modelo socioeconómico en beneficio da maioría da humanidade e da propia natureza. A nosa inmensa forza no noso País e a nosa contribución ao Mundo, debe desenvolverse dende a normalidade dun País Soberano, coa nosa cultura, coa nosa lingua e coa nosa forza de traballo como principais activos da nosa riqueza como Pobo.

## VIVA O 1º DE MAIO

### MANIFESTACIÓNS EN GALIZA

- Vigo as 12 horas dende a Doblada
- Coruña ás 12 horas dende a Praza de Vigo
- Pontevedra ás 12,30 dende a Ferrería
- Ferrol ás 12 dende a Avd. de Esteiro (fronte local CIG)
- Compostela 12,30 dende a Praza Roxa
- Ourense ás 12 dende o Pavillón de Deportes
- Lugo ás 12,30 dende a Ronda da Muralla (Edificio Sindical)
- A Mariña 12,30 Av Arcadio Pardiñas en Burela (local CIG)